



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DE LUGO

DEPARTAMENTO DANZA CLÁSICA. MATERIA: DCL ESPECIALIDADE DANZA CLÁSICA

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Criterios de avaliación e cualificación tendo en conta as aprendizaxes imprescindibles identificadas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

MÍNIMOS ESIXIBLES

2. Procedemento para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria.
3. Procedementos de avaliación e adaptacións metodolóxicas terceiro trimestre.
4. Proba extraordinaria de setembro e recuperación de materias pendentes.
5. Información e publicidade.



1. Criterios de avaliación e cualificación tendo en conta as aprendizaxes imprescindibles identificadas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

1ºGPA DCL

<p>ACTITUDE</p> <p>Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado, participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.</p>	<p>10%</p>
<p>ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS</p> <p>-Realizar traballos teóricos nos que apareza a terminoloxía dos principais pasos do vocabulario de Danza Clásica introducidos neste curso e dos ballets visionados durante o mesmo.</p> <p>Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o/a alumno/a aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso.</p> <p>-Realizar fichas relacionadas cos ballets que temos que estudar neste curso.</p> <p>Con este criterio preténdese comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización s pequena proba teórica.</p>	<p>10%</p>
<p>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</p> <p>- Realizar os exercicios dunha barra que inclua: <i>souplesses e cambrés con tendu devant e a la seconde, jetés con pointé, Rond de jambe en l'air en dehors e en dedans, Double fondu a dobre tempo, Grand rond de jambe a 45° en dehors e en dedans, doublé frappé a la second.</i></p> <p>O alumno poderá superar este curso se amosa na execución desta barra que asimilou e interiorizou coa colocación e coordinación necesaria os exercicios deste nivel.</p> <p>-Realizar un exercicio de tendus no centro.</p> <p>Con este criterio valorarase se o alumno realiza os cambios de dirección, sen descolocar o eixo.</p> <p>-Executar un exercicio de adagio que inclua <i>Temp liés. Pas de basque en dehors en</i></p>	<p>80%</p>



2 tempos, promenade en retiré.

Con este exercicio comprobarase que o alumno interiorizou o cambio de peso. O promenade sen perder a boa alineación do corpo.

-Executar algún exercicio de xiro, que inclúa piruetas simples en deors.

Con este criterio comprobarase que o alumno asimilou o equilibrio na pirouete simple, a coordinación para o impulso do xiro (brazos, torso e cabeza) o paso da cabeza e o control do final do xiro nas posicións esixidas.

-Executar algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos.

Con este exercicio, comprobarase que o alumno interiorizou a mecánica do empurre e recepción do salto, a suxeición do torso e a elevación da pelve, a coordinación das pernas, brazos e cabeza, a elasticidade do plié e a correcta colocación do pé.

-Realizar un exercicio específico de xiros da técnica de varóns que inclua *Pirouette en deors saíndo dende 2º posición.*

Con este exercicio, comprobarase que o alumno mellorou o sentido dinámico do xiro.

-Realizar un exercicio de improvisación a partir dun fragmento musical.

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

Mínimos esixibles (1ºGPA)

-Realizar traballos teóricos nos que apareza a terminoloxía dos principais pasos do vocabulario de Danza Clásica introducidos neste curso e dos ballets visionados durante o mesmo.

-Realizar os exercicios dunha barra que inclua: soplés e cambrés con tendu devant e a la seconde, battement tendu en tournant (¼ xiro) jetés con pointé, Rond de jambe en l'air en deors e en dedans, Double fondu a dobre tempo, Grand rond de jambe a 45º en deors e en dedans, dobre frappé a la seconde.

-Realizar un exercicio de tendus no centro



- Executar un exercicio de adagio que inclua Temp liés saíndo desde o coupé ou o retiré rematando en posición en l'air a 45° devant e a la seconde, Pas de basque en dedans en 4 tempos e en dehors, promenade en retire (completo).
- Executar algún exercicio de xiro, que inclúa piruetas simples en dehors, e ½ en dedans dende 5ª posición e dende 4ª posición.
- Executar algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos (temps levés en todas as posicións, sobresaut , sissone fermé en avant e á second, glissade en avant, assemblé en avant, echappé que cae ao coupé).
- Realizar un exercicio específico de xiros da técnica de varóns que inclua Pirouette en dehors saíndo dende 2º posición.
- Realizar un exercicio de improvisación a partir dun fragmento musical.

2ºGPA DCL

<p>ACTITUDE</p> <p>Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado, participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.</p>	<p>10%</p>
<p>ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS</p> <p>- Realizar unha proba teórica.</p>	<p>10%</p>
<p>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</p> <p>- Realizar os exercicios da barra propios do seu nivel que o profesor marque no momento, o alumno amosará unha colocación e coordinación básica apropiada ao nivel.</p> <p>- Realizar un exercicio da barra no centro no que o alumno amosará o control do eixo a pé plano.</p> <p>- Realizar un exercicio de tendus e jetes no centro no que o alumno amose un control do seu eixo.</p> <p>- Executar un exercicio de adagio no que o alumno amose un control básico da súa aliñación corporal.</p> <p>- Executar algún exercicio de valeses, no que se inclúan piruetas simples en dehors e</p>	<p>80%</p>



<p>en dedans.</p> <ul style="list-style-type: none">- Realizar no centro algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos no que o alumno amose que entende a importancia do plié nas fases de empurre e recepción.- Realizar no centro un exercicio básico de grandes saltos adecuado ao nivel.- Realizar un exercicio que inclúa piqués en dedans e soutenus con desprazamentos en diagonal no que o alumno amose que entende a dinámica dos xiros continuados.- Realizar na barra un exercicio básico de puntas para as alumnas que inclúa relevés sobre dúas pernas na que a alumna amose que entende a dinámica da subida e baixada das puntas. <p>A cualificación da avaliación obtérase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.</p>	
---	--

Mínimos esixibles (2ºGPA)

- Realizar os exercicios da barra propios do seu nivel que o profesor marque no momento, o alumno amosará unha colocación e coordinación básica apropiada ao nivel.
- Realizar un exercicio da barra no centro no que o alumno amosará o control do eixo a pé plano.
- Realizar un exercicio de tendus e jetes no centro no que o alumno amose un control do seu eixo.
- Executar un exercicio de adagio no que o alumno amose un control básico da súa aliñación corporal.
- Executar algún exercicio de vales, no que se inclúan piruetas simples en dehors e en dedans.
- Realizar no centro algún exercicio que inclúa pequenos e medianos saltos no que o alumno amose que entende a importancia do plié nas fases de empurre e recepción.
- Realizar no centro un exercicio básico de grandes saltos adecuado ao nivel.
- Realizar un exercicio que inclúa piqués en dedans e soutenus con desprazamentos en diagonal no que o alumno amose que entende a dinámica dos xiros continuados.
- Realizar na barra un exercicio básico de puntas para as alumnas que inclúa relevés sobre dúas pernas na que a alumna amose que entende a dinámica da subida e baixada das puntas.



-Realizar unha proba teórica.

3ºGPA DCL

<p>ACTITUDE</p> <p>Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado, participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.</p>	<p>10%</p>
<p>ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS</p> <p>-Realizar fichas nas que apareza a terminoloxía de tódolos pasos do vocabulario de Danza Clásica impartidos neste curso.</p> <p>Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso.</p> <p>-Realizar fichas relacionadas cos ballets estudados.</p> <p>Con este criterio preténdese comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización.</p>	<p>10%</p>
<p>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</p> <p>-Realizar os exercicios de barra deste nivel que o profesor no momento.</p> <p>Con este criterio valorarase que o alumno realiza os exercicios coa coordinación e colocación correcta facendo fincapé no emprazamento correcto do eixo con amplitude dos movementos.</p> <p>-Realizar un exercicio de tendus no centro .</p> <p>Con este criterio valorarase que o alumno executa, sen descolocar o eixo, as diferentes combinacións que inclúan cambios de direccións, cos seus correspondentes brazos e épaulements.</p> <p>-Realizar un exercicio de adagio no centro.</p> <p>Con este criterio comprobarase que o alumno controla o equilibrio a pé plano e busca o equilibrio a relevé a unha pernas e executa os movementos ligados con</p>	<p>80%</p>



<p>amplitude, amosando a sensibilidade e expresividade propias destes exercicios.</p> <p>-Realizar exercicios de xiros e dobres xiros no centro.</p> <p>Con este criterio valorarase que o alumno realiza os movementos cunha correcta colocación do eixo na perna portante; que coordina no impulso os brazos, torso e cabeza e que controla o remate das piruetas nas distintas posicións.</p> <p>-Realizar exercicios de xiros simples que inclúan desprazamentos en diagonal.</p> <p>Con este criterio preténdese comprobar que o alumno executa os xiros de forma ligada, con velocidade e definición no espazo. Todo isto coa correcta coordinación de brazos, torso, e cabeza.</p> <p>-Realizar exercicios de pequenos e medianos saltos.</p> <p>Con este criterio valorarase que o alumno executa as combinacións de saltos con axilidade, limpeza e coordinación dentro do ritmo axeitado.</p> <p>-Realizar exercicios que inclúan combinacións de grandes saltos.</p> <p>Con este criterio valorarase a suxeición da posición no aire, a amplitude e elevación nos saltos así como tamén a sincronización de impulsos nos entrepasos e o correcto traslado do corpo no aire.</p> <p>-Realizar un exercicio de improvisación a partir dun fragmento musical.</p> <p>Con este criterio preténdese comprobar o sentido creativo e a musicalidade do alumno.</p> <p>-Realizar exercicios que inclúan as diferentes subidas á punta: releve, pique sobre unha perna na barra e no centro e sauté sobre dúas pernas.</p> <p>Con este criterio pretendese comprobar que a alumna emprega a forza necesaria para o control das subidas e das baixadas.</p> <p>-Realizar diferentes exercicios de xiros en puntas que inclúan: xiros simples en dehors, en dedans, por piqué, por relevé, no centro e na diagonal.</p> <p>Con este criterio valorarase que a alumna executa os xiros coa correcta colocación do eixo sobre as zapatillas de puntas, que coordina no impulso os movementos de cabeza, torso e brazos, de forma ligada, con velocidade e definición no espazo.</p>	
---	--



En todos os exercicios de puntas valorarase a súa execución con suavidade e sensación de lixeireza.

-Realizar diferentes exercicios de xiros dobres “ en dehors” e “en dedans” para varóns.

Con este criterio valorarase que o alumno realiza os movementos cunha correcta colocación do eixo na perna portante; que coordina no impulso os brazos, torso e cabeza, que controla o remate das piruetas nas distintas posicións e que executa as piruetas coa potencia e a velocidade propias dos varóns.

-Realizar exercicios para varóns de saltos xirados e batería.

Con este criterio comprobarase que o alumno executa o exercicios coa coordinación no impulso dos brazos, torso e cabeza e coa potencia e velocidade propias dos varóns, tendo en conta o empurre na saída do salto e a precisión nas recepcións nas distintas posicións. a suxeición da posición no aire, a amplitude e potencia nos saltos así como tamén a sincronización de impulsos nos entrepasos e o correcto traslado do corpo no aire, empregando axeitadamente o espazo.

En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística amosada polo alumno.

A cualificación da avaliacion obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

Mínimos esixibles 3ºGPA

-Realizar os exercicios de barra deste nivel que o profesor no momento.

-Realizar un exercicio de tendus no centro .

-Realizar un exercicio de adagio no centro.

-Realizar exercicios de xiros simples e no centro e na diagonal.

-Realizar exercicios de pequenos e medianos saltos.

-Realizar exercicios que inclúan as diferentes subidas á punta: releve, pique sobre unha perna na barra e no centro e sauté sobre dúas pernas.

-Realizar exercicios para varóns de saltos xirados e batería.



-Realizar exercicios que inclúan combinacións de grandes saltos.

4ºGPA DCL

<p>ACTITUDE</p> <p>Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado, participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.</p>	<p>10%</p>
<p>ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS</p> <p>-Realizar fichas relacionadas cos ballets que temos que estudar neste curso.</p> <p>Con este criterio preténdese comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización</p>	<p>10%</p>
<p>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</p> <p>-Realizar os exercicios de barra deste nivel que o profesor marque no momento.</p> <p>Con este criterio valorarase que o alumno realiza os exercicios coa coordinación e colocación correcta, así como tamén que coñece a totalidade dos pasos que compoñen a barra dunha clase de danza clásica dese nivel.</p> <p>-Realizar un exercicio de adagio no centro.</p> <p>Con este criterio comprobarase que o alumno ten un emprazamento correcto do eixo nos movementos, que acadou maior flexibilidade na extensión das pernas e que executa os movementos de forma ligada, coa amplitude, sensibilidade e expresividade requerida pola música.</p> <p>-Realizar un exercicio no que se combinen valeses e piruetas en dehors e en dedans en todas as posicións, así como tamén piruetas continuadas.</p> <p>Con este criterio valorarase que o alumno realiza piruetas con coordinación e sen perder a aliñación do corpo, amosando precisión no impulso e no remate dos xiros nas distintas posición. Todo isto coa limpeza e a fluidez nos entrepasos e nos valeses das combinacións, cunha correcta utilización do espazo.</p> <p>-Executar un exercicio de xiros en diagonal, que inclúan dobres xiro en dedans e</p>	<p>80,00%</p>



simples en dehors combinando con xiros en posicións en l'air por piqué e por releve.

Con este criterio comprobarase se os alumnos realizan os movementos de forma ligada, con coordinación e con velocidade, mantendo a posición ao longo de todo o xiro e sen perden a colocación do eixo do corpo.

-Realizar un exercicio de xiros que inclúa desprazamentos en manège.

Con este criterio valorarase que o alumno executa correctamente os cambios de dirección no espazo.

-Realizar un exercicio de saltos pequenos e medianos de batería que o profesor marque no momento.

Con este criterio valorarase que o alumno executa as combinacións de saltos con axilidade, velocidade, limpeza e coordinación, mantendo a suxeición do en dehors no momento da batida no aire.

-Realizar un exercicio de grandes saltos desde a diagonal propios deste nivel.

Con este exercicio comprobarase que o alumno acadou a potencia no impulso, a suxeición, amplitude e elevación da posición no aire. Por outra banda valorarase a sincronización de impulsos nos entrepasos e medianos saltos que se inclúan nas combinacións, así como o correcto manexo do espazo.

-Realizar no centro exercicios que inclúan equilibrios en puntas sobre unha perna en diferentes posicións.

Con este criterio valorarase a forza, o equilibrio, o control muscular e a aliñación do eixo sobre a perna portante así como a suavidade dos brazos e a correcta colocación do torso.

-Realizar exercicios que inclúan relevés continuados en posicións en l'air coas zapatillas de puntas.

Con este criterio preténdese comprobar que a alumna emprega a forza necesaria para o control das subidas e das baixadas, mantendo a posición en l'air e coordinando o impulso dos brazos, do torso e da cabeza.

-Realizar exercicios que inclúan xiros combinados en manège coas zapatillas de



<p>puntas.</p> <p>Con este criterio preténdese comprobar que a alumna executa de forma ligada e con velocidade os xiros empregando correctamente o espazo. Todo isto coa dinámica e control nas subidas e nas baixadas, coordinando brazos, torso e cabeza.</p> <p>-Realizar saltos continuados sobre unha punta.</p> <p>Con este criterio preténdese comprobar que a alumna executa coa forza e a axilidade o salto sobre a punta, controlando o equilibrio e mantendo a colocación de brazos e torso.</p> <p>-Realizar un exercicio de improvisación a partir dun fragmento musical.</p> <p>Con este criterio preténdese comprobar o sentido creativo e a musicalidade.</p> <p>A cualificación da avaliación obtense da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.</p>	
---	--

Mínimos esixibles (4ºGPA)

- Realizar traballos teóricos nos que apareza a terminoloxía dos principais pasos do vocabulario de Danza Clásica introducidos neste curso e dos ballets visionados durante o mesmo.
- Realizar os exercicios de barra deste nivel que o profesor marque no momento.
- Realizar un exercicio de adagio no centro.
- Realizar un exercicio no que se combinen vales e piruetas en deors e en dedans.
- Executar un exercicio de xiros en diagonal, que inclúa piqués en dedans combinados con piqués en deors e deboulés.
- Realizar exercicios que inclúan xiros coas zapatillas de punta.



5ºGPA DCL

<p>ACTITUDE</p> <p>Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez</p>	<p>10,00%</p>
<p>ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS</p> <p>-Realizar traballos teóricos nos que apareza a terminoloxía dos principais pasos do vocabulario de Danza Clásica introducidos neste curso e dos ballets visionados durante o mesmo</p>	<p>10,00%</p>
<p>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</p> <p>-Realizar un exercicio de adagio con relevés no centro</p> <p>-Realizar un exercicio no que se combinen vales e piruetas dobres en deors e en dedans en todas as posicións, xiros en posicións en l'air, así como tamén piruetas continuadas</p> <p>-Executar un exercicio de xiros en diagonal, que inclúan dobres xiros combinandos con xiros en posicións en l'air por piqué e por relevé</p> <p>-Realizar un exercicio de xiros que inclúa desprazamentos en manège</p> <p>-Realizar un exercicio de saltos pequenos e medianos de batería que o profesor marque no momento</p> <p>-Realizar un exercicio de grandes saltos desde a diagonal, no que se inclúan os saltos xirados e batidos propios deste nivel</p> <p>-Realizar no centro exercicios que inclúan equilibrios en puntas sobre unha perna en diferentes posicións</p> <p>-Realizar exercicios que inclúan relevés continuados en posicións en l'air.</p> <p>-Realizar exercicios que inclúan xiros continuados e tour fouettés coas zapatillas de punta (4).</p> <p>-Realizar exercicios que inclúan xiros combinados en manège ou diagonal coas zapatillas de puntas</p>	<p>80,00%</p>



<ul style="list-style-type: none"> -Realizar saltos continuados sobre unha punta -Realizar un exercicio para varóns que inclúa xiros dobres en dehors e en dedans, en posicións en l'air e tours en l'air con diferentes terminacións -Realizar un exercicio para varóns de piruetas continuadas á segunda, combinadas con sautillés -Realizar un exercicio de pequena batería continuada -Realizar un exercicio de grand allegro no que se inclúan dobres xiros e batería nos saltos deste nivel -Realizar un exercicio que combine grandes saltos en manège 	
---	--

Mínimos esixibles (5ºGPA)

- Realizar traballos teóricos nos que apareza a terminoloxía dos principais pasos do vocabulario de Danza Clásica introducidos neste curso e dos ballets visionados durante o mesmo
- Realizar exercicios que inclúan xiros continuados coas zapatillas de punta (2).
- Realizar exercicios que inclúan xiros combinados en manège ou diagonal coas zapatillas de puntas
- Realizar un exercicio para varóns que inclúa xiros dobres en dehors e en dedans, en posicións en l'air e tours en l'air con diferentes terminacións
- Realizar un exercicio para varóns de piruetas continuadas á segunda
- Realizar un exercicio de pequena batería continuada
- Realizar un exercicio de grand allegro no que se inclúan xiros e batería nos saltos deste nivel

6ºGPA DCL

ACTITUDE	10,00%
Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado, participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.	
ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS	



<p>- Realizar fichas nas que apareza a terminoloxía de tódolos pasos do vocabulario de Danza Clásica impartidos neste curso.</p> <p>Con este criterio de avaliación preténdese comprobar que o alumno aprendeu a coñecer e recoñecer a terminoloxía dos pasos de Danza Clásica aprendidos neste curso.</p> <p>-Realizar fichas relacionadas cos ballets que temos que estudar neste curso</p> <p>Con este criterio preténdese comprobar que o alumno interiorizou o estudo dos ballets, así como a súa contextualización</p>	<p>10,00%</p>
<p>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</p>	
<p>-Realizar os exercicios de barra deste nivel que o profesor marque no momento.</p> <p>Con este criterio valorarase que o alumno realiza os exercicios coa coordinación e colocación correcta, así como tamén que coñece a totalidade dos pasos que compoñen a barra dunha clase de danza clásica dese nivel.</p> <p>-Realizar un exercicio de adagio con relevés no centro.</p> <p>Con este criterio comprobarase que o alumno ten un emprazamento correcto do eixo nos movementos a pé plano e a relevé, que acadou maior flexibilidade na extensión das pernas e que executa os movementos de forma ligada, coa amplitude, sensibilidade e expresividade requerida pola música.</p> <p>-Realizar un exercicio no que se combinen valeses e piruetas dobres en dehors e en dedans en todas as posicións, xiros en posicións en l'air, así como tamén piruetas continuadas.</p> <p>Con este criterio valorarase que o alumno realiza dobres piruetas con coordinación e sen perder a aliñación do corpos. Nas piruetas en posicións en l'air valorarase que o alumno mantén a posición no aire ata o remate da mesma. Todo isto coa limpeza e a fluidez nos entrepasos e nos valeses das combinacións, cunha correcta utilización do espazo.</p> <p>-Executar un exercicio de xiros en diagonal, que inclúan dobres xiros e xiros</p>	<p>80%</p>



en posicións en l'air por piqué e por releve.

Con este criterio comprobarase se os alumnos realizan os movementos de forma ligada, con coordinación e con velocidade, mantendo a posición ao longo de todo o xiro e sen perden a colocación do eixo do corpo.

-Realizar un exercicio de xiros que inclúa desprazamentos en manège.

Con este criterio valorarase que o alumno executa correctamente os cambios de dirección no espazo.

-Realizar un exercicio de saltos pequenos e medianos de batería que o profesor marque no momento.

Con este criterio valorarase que o alumno executa as combinacións de saltos con axilidade, velocidade, e coordinación.

-Realizar un exercicio de grandes saltos desde a diagonal, nos que se inclúan os saltos xirados e batidos propios deste nivel.

Con este exercicio comprobarase que o alumno acadou a potencia no impulso, a suxeición, amplitude e elevación da posición no aire, así como tamén a coordinación do corpo nos saltos xirados. Por outra banda valorarase a sincronización de impulsos nos entrepasos e medianos saltos que se inclúan nas combinacións, así como o correcto manexo do espazo.

-Realizar no centro exercicios que inclúan equilibrios en puntas sobre unha perna en diferentes posicións.

Con este criterio valorarase a forza, o equilibrio e a correcta colocación do torso.

-Realizar exercicios que inclúan relevés continuados en posicións en l'air, incluíndo $\frac{1}{4}$, $\frac{1}{2}$ e xiros completos coas zapatillas de puntas.

Con este criterio preténdese comprobar que a alumna emprega a forza necesaria para o control das subidas e das baixadas, mantendo a posición en l'air e coordinando o impulso dos brazos, do torso e da cabeza.

-Realizar exercicios que inclúan xiros continuados e tour fouettes coas



<p>zapatillas de punta.</p> <p>Con este criterio valorarase que a alumna emprega a forza necesaria para as correctas subidas e baixadas, coordinando o impulso dos brazos, do torso e da cabeza.</p> <p>-Realizar exercicios que inclúan xiros combinados en manège coas zapatillas de puntas.</p> <p>Con este criterio preténdese comprobar que a alumna executa de forma ligada e con velocidade os xiros empregando correctamente o espazo. Todo isto coa dinámica e control nas subidas e nas baixadas, coordinando brazos, torso e cabeza.</p> <p>-Realizar saltos continuados sobre unha punta.</p> <p>Con este criterio preténdese comprobar que a alumna executa coa forza e a axilidade o salto sobre a punta, controlando o equilibrio.</p> <p>A cualificación da avaliación obtérase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.</p>	
--	--

Mínimos esixibles (6ºGPA)

- Realizar traballos teóricos nos que apareza a terminoloxía dos principais pasos do vocabulario de Danza Clásica introducidos neste curso e dos ballets visionados durante o mesmo.
- Realizar un exercicio de adagio con relevés no centro.
- Realizar un exercicio no que se combinen valeses e piruetas dobres en dehors e en dedans en todas as posicións, xiros en posicións en l'air, así como tamén piruetas continuadas.
- Executar un exercicio de xiros en diagonal, que inclúan xiros combinados con xiros en posicións en l'air por piqué e por releve.
- Realizar un exercicio de xiros que inclúa desprazamentos en manège.
- Realizar un exercicio de saltos pequenos e medianos de batería que o profesor marque no momento.
- Realizar un exercicio de grandes saltos desde a diagonal, nos que se inclúan os saltos xirados e batidos propios

deste nivel.

- Realizar no centro exercicios que inclúan equilibrios en puntas sobre unha perna en diferentes posicións.
- Realizar exercicios que inclúan relevés continuados en posicións en l'air, incluíndo $\frac{1}{4}$, $\frac{1}{2}$ e xiros completos coas zapatillas de puntas.
- Realizar exercicios que inclúan xiros combinados en manège coas zapatillas de puntas.
- Realizar saltos continuados sobre unha punta.
- Realizar un exercicio para varóns que inclúa xiros dobres en dehors e en dedans, en posicións en l'air e tours en l'air con diferentes terminacións.
- Realizar un exercicio para varóns de piruetas continuadas á segunda, combinadas con sautillés.
- Realizar un exercicio de pequena batería continuada.
- Realizar un exercicio de grand allegro nos que se inclúan dobres xiros e batería nos saltos deste nivel.
- Realizar un exercicio que combine grandes saltos en manège.



2. Procedemento para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria.

Debido á natureza das nosas ensinanzas e aos requisitos para o seu desenvolvemento a avaliación non presencial da práctica da danza non é factible de xeito xeral. A avaliación realizarase en función das avaliacións previas e da avaliación das actividades teóricas desenvolvidas polo alumno durante o terceiro trimestre. Estas últimas poderán sumarse ás súas cualificacións anteriores. En ningún caso as avaliacións das actividades do terceiro trimestre poderán minorar as cualificacións anteriores do alumnado.

Tendo en conta que se trata dunha materia baseada na práctica considérase que se trata dun proceso de evolución progresiva e continúa, motivo polo que os resultados acadados polo alumnado durante o primeiro e segundo trimestre non están illados, senón que son froito do proceso de aprendizaxe e maduración técnica e persoal dende o comezo do curso académico, motivo polo que o cálculo da cualificación final será realizado mediante o seguinte procedemento: tomarase como referencia as aprendizaxes realizadas durante o primeiro e segundo trimestre valoradas tendo en conta os criterios de avaliación establecidos no punto 1 da presente modificación da programación e poderá incrementarse en 1 punto en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma.

AVALIACIÓN 2019/2020		G.PROFESIONAL
ACTITUDE OBSERVACIÓN DIARIA tanto na clase coma no recinto escolar (biblioteca, vestiarios, sala de ensaio..)	Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.	10%(1º e 2º trimestre)
ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOSTEÓRICOS, a través de probas escritas ou orais ou dun traballo ou fichas.	Aprendizaxe dos contidos de forma teórica e comprensión e interiorización dos mesmos, (tanto vocabulario técnico coma os contidos teóricos de ballets, coreógrafos, bailaríns...)	10%(1º, 2º e 3º trimestre sumativo)
EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA, a través da observación diaria na clase, tendo en conta as aptitudes físicas e	Execución correcta dos contidos segundo o método e tipo de linguaxe corporal aprendida (tendo en conta a coordinación, musicalidade, precisión,	80%(1º e 2º



intelectuais de cada alumno e alumna.	sensibilidade motora e artística, capacidade de expresión e interpretación...)	trimestre)
---------------------------------------	--	------------

Non sería necesario acadar o 50% en cada unha das partes para sumar os apartados e ademais os datos obtidos durante o terceiro trimestre soamente poden ser tidos en conta en positivo, nunca minorando as cualificacións anteriores.



3.Procedementos de avaliación e adaptacións metodolóxicas terceiro trimestre.

Durante o terceiro trimestre procuramos a atención educativa ao alumnado, desenvolvendo actividades que lles permitan aos alumnos e alumnas manterse incorporados á aprendizaxe continua e suscitar o seu interese por aprender, de modo non presencial.

Co obxectivo de ampliar as materias impartidas, có fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes realizadas dende declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, e co obxectivo de beneficiar ao alumnado (nunca minorando a cualificación) realizáronse as seguintes actividades:

<u>MATERIA E CURSO</u>	<u>ACTIVIDADES REALIZADAS</u>
DCL 1ºGPA	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades de visionado de material audiovisual presente e internet e análise dos contidos. - Actividades de repaso dos contidos estudados a través de apuntes teóricos e fichas. - Actividades de análise de traballos realizados na aula. - Actividades de reforzo e recuperación teóricos para o alumnado con resultados de avaliación negativa no segundo trimestre.
DCL 2ºGPA	<ul style="list-style-type: none"> - Repaso de contidos teórico-prácticos do primeiro e segundo trimestre. - Realización de visionados de pezas coreográficas, lecturas de críticas de danza e realización de traballos teóricos. - Videoconferencia con exercicios de barra adaptados ao espazo unha vez á semana.
DCL 3ºGPA	<ul style="list-style-type: none"> -Clases on line coa titora. -Envío de clases para realizar na casa. -Visionado de ballets. -Realización de actividades teóricas de repaso, reforzo, indagación e ampliación.



DCL 4ºGPA	<ul style="list-style-type: none"> - Repaso de contidos teórico-prácticos do primeiro e segundo trimestre. - Realización de visionados de pezas coreográficas, e realización de traballos. - Videoconferencia para aclarar dúbidas unha vez á semana. - Actividades de reforzo e recuperación teóricos para o alumnado con resultados de avaliación negativa no segundo trimestre.
DCL 5ºGPA	<ul style="list-style-type: none"> -Repaso de contidos teórico-prácticos do primeiro e segundo trimestre. -Realización de visionados de ballets, e realización de traballos. -Videoconferencia con exercicios de mobilidade e lúdicos adaptados ao espazo.
DCL 6ºGPA	<ul style="list-style-type: none"> -Visionado de pezas de Jerome Robbins -Traballo sobre o coreógrafo Jerome Robbins

O seguimento do alumnado realizouse utilizando os seguintes medios de comunicación:

- CentrosNet
- Correo electrónico
- Aula Virtual CDAN Lugo
- Vídeo Conferencia CiscoWebex
- Teléfono móbil

O profesorado informa por escrito a través de CentrosNet , mail ou teléfono da concreción das actividades e probas de avaliación intentando favorecer dentro das nosas posibilidades a súa realización pola maior parte do alumnado.

As avaliacións das actividades do terceiro trimestre poderán mellorar as cualificación anteriores do alumnado.

4. Proba extraordinaria de setembro e recuperación de materias pendentes.

A proba extraordinaria consistirá na realización dunha única proba de carácter teórico-práctico. Os instrumentos de avaliación poderán adaptarse as eventualidades que puidesen xurdir por mor da crise sanitaria.

CRITERIOS PROBA EXTRAORDINARIA:

EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA 80%

-A proba extraordinaria práctica consistirá na realización de exercicios dunha clase completa de Danza Clásica, seguindo os criterios de avaliación e mínimos esixibles da proba ordinaria específica de cada curso. (Punto 1. desta programación)

ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS 20%

-A proba extraordinaria teórica consistirá na realización dunha proba oral ou escrita sobre os contidos teóricos específicos de cada curso, seguindo os criterios de avaliación e mínimos esixibles da proba específica de cada curso. (Punto 1. desta programación).

A cualificación final se obterá da suma de ambos apartados, non sendo necesaria a superación do 50% da cualificación por separado.

As programacións didácticas do curso académico 2020-2021 incorporarán aqueles obxectivos e contidos que non se poderon abordar neste curso escolar, ben na mesma materia se esta forma parte do curso seguinte, ben noutras materias.

A recuperación de materias pendentes relacionadas coa práctica danza farase nas clases do curso seguinte. Partindo desta premisa, cualificarase ao alumnado en base ao referido no apartado 1. da modificación da presente programación.

5. Información e publicidade.

A principal vía de comunicación co alumnado e familias será a plataforma “centrosnet” tendo en conta que é o mecanismo oficial e o medio empregado maioritariamente.

Empregarase igualmente a comunicación por email, videoconferencia e/ou outras que permita un seguimento contínuo do alumnado e unha comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e progreso do alumnado.

Cada docente informará ao seu alumnado e familias da presente programación didáctica a través de email/videoconferencia e/ou outros mecanismos.

Logo de recepcionadas as programacións didácticas, a dirección do centro procederá á publicación das mesmas na páxina web co fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa, que igualmente será informada da citada publicación polos mecanismos referidos anteriormente.